



## BASES LEGAIS PROEZAS TEIMUDAS

### ACCIÓN PROEZAS TEIMUDAS

GADISA RETAIL S.L.U., con domicilio social no Polígono de Piadela s/n de Betanzos, A Coruña, 15.300, levará a cabo un sección na web *Vivamos como Galegos!*, chamada “Proezas Teimudas”.

Os usuarios poden enviar a súa gravación de voz vía WhatsApp explicando unha anécdota divertida ou curiosa na que a persistencia fose clave ao teléfono 681366046 habilitado para a acción “Proezas Teimudas”. As gravacións de voz deberán manter uns parámetros de decoro e adecuación ao ton e ao estilo das publicacións de *Vivamos como Galegos!*, así como uns mínimos de calidade de audición e entendemento/claridade da gravación.

Unha vez recibida a gravación de voz, será avaliada internamente segundo os parámetros comentados (adecuación do ton, calidade...) e, se se aproba a dita gravación, outorgaráselle ao usuario un número (outorgados por orde de recepción), vía mensaxe privada de WhatsApp.

Todos os audios aprobados serán compartidos nun apartado especial dedicado a “Proezas Teimudas” na web de *Vivamos como Galegos!* Así mesmo, as máis divertidas ou curiosas poderán ser compartidas nas redes sociais de *Vivamos como Galegos!*: Facebook, Twitter e Instagram.

### PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co art. 5.1 da LOPD 15/1999, informámolo/a de que os datos que vostede lle

proporcione voluntariamente a Gadisa Retail S.L.U. non serán incorporados a ningún ficheiro e serán tratados unicamente coa finalidade da participación na acción "Proezas Teimudas". Vostede pode exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando un correo ao enderezo [publigadis@gadisa.es](mailto:publigadis@gadisa.es). Para efectos técnicos, os móbiles que participen nesta acción agregaranse á lista temporal de teléfonos do smartphone exclusivo de "Proezas Teimudas", cuxo número é 681366046.

O número de móbil que vostede nos facilite voluntariamente non será incorporado a ningunha outra base de datos distinta da listaxe mencionada, e o envío da gravación de voz por parte dos concursantes realizarase a través de "WhatsApp". A privacidade do seu número de móbil quedará totalmente garantida posto que, unha vez enviado o anuncio, o seu número de móbil será eliminado da lista. O envío da súa ANÉCTODA DIVERTIDA OU CURIOSA manifesta a súa aceptación das condicións legais de participación na acción.

Informámolo/a de que os datos de carácter persoal que os usuarios nos proporcionen formarán parte do ficheiro "VIVAMOS COMO GALEGOS!", titularidade de GADISA RETAIL S.L.U.

Vostede poderá exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do seguinte enderezo de correo electrónico: [administrador@vivamoscomogalegos.com](mailto:administrador@vivamoscomogalegos.com), indicando no asunto "Proezas Teimudas".

*Vivamos como galegos!* 

[www.vivamoscomogalegos.com](http://www.vivamoscomogalegos.com)